

Negociación dunha nova Orde de Vínculos no SERGAS

A actual directora de RRHH do SERGAS, comprometeuse a **negociar unha nova Orde de Vínculos** no SERGAS, e así o recolle o plano de continxencias COVID.

A Orde de Vínculos é o documento que recolle o tipo de nomeamentos estatutarios que se lle vai realizar ao persoal eventual, en todas as súas modalidades: nomeamento **de interinidade**, nomeamento de carácter **eventual** para a prestación de servizos temporal, conxuntural ou extraordinario, ou nomeamento **de substitución**.

Mais unha nova Orde de Vínculos por se mesma non vai eliminar a precariedade laboral do SERGAS, se non existe o compromiso firme de modificar as políticas de persoal.

Conxuntamente coa publicación da nova Orde de Vínculos, deberá negociarse na Mesa Sectorial o compromiso do SERGAS de contratar a todo o persoal atendendo ao principio de causalidade.

Que significa contratar atendendo ao principio de causalidade?

- Que todos os nomeamentos de persoal eventual serán ofertados pola causa e duración que motivou a contratación.

Ademais, como CIG-Saúde, reclamamos que:

- O persoal eventual siga a mesma carteleira de servizo que o resto de persoal da unidade ou servizo.
- O persoal eventual teña os mesmos dereitos que o resto de persoal en materia de permisos, licenzas e conciliación familiar. Sen que isto supoña que, para facer uso destes dereitos, teña que renunciar á contratación.

Prazas estruturais cubertas con nomeamentos eventuais:

Entre a **taxa de reposición e a contratación en precario**, no SERGAS existen prazas estruturais cubertas con nomeamentos eventuais, persoal que rota cada 6 meses polo mesmo posto. Isto é fraude na contratación, máis na empresa pública non ten ningunha consecuencia.

- **Cantas prazas estruturais hai no SERGAS cubertas con eventuais?** Non o sabemos.
- **Como se pode corrixir isto?** Negociando co SERGAS un sistema identificativo de prazas.
- **Que necesitamos antes de negociar a Orde de Vínculos?** Que o SERGAS presente na mesa sectorial un censo de prazas vacantes cubertas con persoal eventual, un censo por distrito e no que se recollan todas as categorías profesionais.

Como pode solucionar o SERGAS que as prazas estruturais se cubran con nomeamentos estables?

- Ofertando o maior número de **nomeamentos de interinidade** posible, con transparencia e sen xogar co persoal.
- Se non é posible cubrir con nomeamento de interinidade todas as prazas estruturais, a nova Orde de Vínculos debe recoller un **nomeamento de PREVACANTE**, asimilable á interinidade. Este tipo de nomeamento xa existiu no SERGAS.

